

CZOS DEPORTIVOS MUNICIPAIS DO EXCMO. CONCELLO DE VILAGARCÍA DE AROUSA
D. CARLOS COIRA LOJO

Vistas e comprobadas as solicitudes de inscrición presentadas a través da Sede Electrónica do Excmo. Concello de Vilagarcía de Arousa, sección da Fundación de Deportes, no catálogo de Procedementos 30008, para a Escola Municipal Multideportiva de verán, 2024 e no catálogo de Procedemento 30019 para as Actividades de adultos verán 2024, enmarcardas dentro do Proxento Verán Deportivo Vilagarcía 2024, aprobado en Consello Reitos o pasado 05/06/2024, cun total de 314 solicitudes de inscrición, co desglose que a continuación se relaciona:

ACTIVIDADE	Nº ALUMNOS
Escola multideportiva verán 2024	87
Programa ActivoMaiormente e Programa Vilagarcia Enforma (Actividades de adultos)	227

Asemade visto o orzamentos presentados pola empresa MGSSEGUROS E REASEGUROS, S.L.U. (BLANCO BALIÑAS, SAMUEL) para as actividades da Escola Multideportiva verán 2024 así como para as Actividades destinadas a adultos, por importe total de 1.670,35 € (IVE incluído), para un total de 314 participantes co seguinte desglose:

CONCEPTO	IMPORTE
Seguro Accidentes Escola Multideportiva verán, 2024	410,11 € x 87 alumnos/as
Actividades físico deportivas adultos,	1.260,24 € x 227 alumnos/as

De conformidade co disposto nos vixentes Estatutos da Fundación de Deportes.

R E S O L V O:

1.- Aprobado as 314 solicitudes de presentadas para a Escola Multideportiva de verán do Proxento Verán Deportivo Vilagarcía 2024, aprobado en Consello Reitor o pasado 05/06/2024,

presentadas a través da Sede Electrónica do Excmo. Concello de Vilagarcía de Arousa, sección da Fundación de Deportes, no catálogo de Procedementos 30008, e aspresentadas catálogo de Procedemento 30019 para as Actividades de adultos verán 2024, co seguinte desglose:

ACTIVIDADE	Nº ALUMNOS
Escola multideportiva verán 2024	87
Programa ActivoMaiormente e	227
Programa Vilagarcia Enforma (Actividades de adultos)	

2.- Adxudicar a empresa MGS SEGUROS E REASEGUROS, S.L.U. (BLANCO BALIÑAS, SAMUEL, a contratación do seguro de accidentes, para os participantes na Escola Municipal Multideportiva de verán, 2024 e para os participantes nas actividades destinadas a adultos enmarcadas nos Programas ActivoMaiormente e Vilagarcía Enforma verán 2024, a través dun contrato Menor de Servizos, por importe total de 1.670,35 € (IVE incluído) con cargo a partida 342-224,00., co seguinte desglose:

CONCEPTO	IMPORTE
Seguro Accidentes Escola Multideportiva verán, 2024	410,11 € x 87 alumnos/as
Actividades físico deportivas adultos, verán 2024	1.260,24 € x 227 alumnos/as

3.- Que a presente Resolución sexa dada conta ao Consello Reitor da Fundación de Deportes, na vindeira sesión que celebre.

Así o dispón e asina o Sr. presidente da Fundación de Deportes, en Vilagarcía de Arousa, a tres de xullo de dous mil vinte e catro, ante mín a Secretaria Xeral, que Certifica.



RESOLUCIÓN DO SR. PRESIDENTE DA FUNDACIÓN PÚBLICA DE SERVIZOS DEPORTIVOS
MUNICIPAIS DO EXCMO. CONCELLO DE VILAGARCÍA DE AROUSA
D. CARLOS COIRA LOJO

Visto o escrito presentado polo Club Fútbol Sala Salnés, no que solicita, autorización do uso do CFM A Pelada, para a celebración do I TORNEO FÚTBOL, dirixido a deportistas na categoría de xuvenil e senior, que se vai levar a cabo o día 6 xullo en horario de 10:00 a 22:00 e o día 7 de xullo de 10:00 a 14:00 horas. Asemade na solicitude tamen indican que establecerán unha cota de inscrición de 150,00€ por equipo, cunha previsión de 16 equipos con 10 deportistas por equipo. Así como visto o informe do Director Deportivo en relación ao asunto.

De conformidade co disposto nos vixentes Estatutos da Fundación de Deportes.

RESOLVO:

1.- Autorizar ao Club Fútbol Sala Salnés, o uso do CFM A Pelada, para a celebración do I TORNEO FÚTBOL, dirixido a deportistas da categorías Junior e Senior, que se vai levar a cabo o vindeiro 6 de xullo en horario de 10:00 a 22:00 horas e o 7 de xullo en horario 10:00 a 14:00 horas.

2.- Comunícaselle que deberá deixar a citada instalación deportiva nas mesmas condicións en que se lle presta e responsabilizarse dos danos ou desperfectos que poideran causarse nas devanditas instalacións polos participantes na citada actividade.

3.- Conforme ao Acordo Regulador nº III.5 en vigor e o Convenio Económico asinado con esta Fundación de Deportes e, dado que esta actividade non é considerada unha actividade federada, non se pode aplicar a bonificación do 100% dos prezos públicos correspondentes. Polo que conforme aos acordos dos Consellos Reitores en sesións con data 25/05/2016 e 04/04/2019, donde se aprobou o borrador de Convenio Económico de utilización das instalacións deportivas municipais, para a realización de actividades non federadas (Escolas Deportivas, Campus, etc...) e, no que se estableceron os seguintes criterios:



“ a) 100% de bonificación para aqueles Clubes/Entidades Deportivas, rexistrados na Fundación de Deportes, que teñan actividade deportiva federada de base na mesma modalidade deportiva na que se desenvolve o campus ou actividade formativa

b) 50% de bonificación para aqueles Clubes/Entidades Deportivas rexistrados na Fundación de Deportes.

Así como se establece a creación de becas, dun 10% das inscricións ofertadas, para a inscrición de alumnos/as que xestionará directamente a Fundación de Deportes e, que será dirixido a nenos/as empadroados no noso Municipio e con baixos recursos económicos, que recibirá o mesmo trato e obsequios que os demais alumnos/as.”

Dado que a actividade/evento no cumpre cos requisitos para poder acollerse á subscripción do Convenio anteriormente citado, deberán indicar na maior brevidade posible o número de inscritos e a cota de inscrición no citado torneo, para poder levar a cabo o cálculo do custo total a abonar polo uso do citado Pavillón, segundo o establecido no artigo nº 8 do Acordo Regulador nº III.5 do prezo público pola utilización das instalacións deportivas municipais do Concello de Vilagarcía de Arousa e outros servizos, que indica:

“ARTIGO 8: ACTIVIDADES DEPORTIVAS EN INSTALACIÓNS DEPORTIVAS

TARIFAS:

Tarifa Mínima % S/Ingresos

	<u>Hora</u>	<u>Bruta</u>
Instalacións exteriores..	6,00	10%
Instalacións interiores	9,00	10%

Nota: Estas tarifas cubren os gastos de limpeza, persoal, etc.

Adicional: Nas instalacións deportivas, onde se desenvolvan actividades fóra das horas normais de utilización, incrementanse as tarifas en SESENTA CÉNTIMOS euros/hora e persoal a parte”.

4.- Aprobar a cesión de 25 mesas para a celebración do citado evento e, que polo Servizo de Mantemento se leve a cabo o control e colaboración da súa colocación, dentro das disponibilidades existentes do Servizo de Mantemento, na súa xornada laboral, sen que isto xenere horas extraordinarias ao Servizo.



5.- Trasladar aos departamentos do Excmo.Concello de Vilagarcía de Arousa que a continuación se relacionan as necesidades de colaboración, para a súa aprobación, se procede:

- . Servizo de Obras, a cesión de 80 valados, unha carpa e 6 cadeiras
- . Servizo do Auditorio: un equipo de son

6.- Comunicarlle que deberá cumprir, co establecido no Regulamento Interno das instalacións deportivas Municipais, en materia de publicidade e Ordenanza Municipal de Ruídos e Vibracións, adaptando as súa emisións sonoras aos límites establecidos na mesma.

7.- Comunicarlle que previo ao inicio do montaxe/celebración dos citados eventos (data límite antelación de 72 horas), deberá presentar a seguinte documentación:

5.1) A póliza de Seguros de Responsabilidade Civil e a póliza de seguros de accidentes para todos os participantes da devandita actividade.

5.2) Aportarase un compromiso escrito, de xeito pomenorizado, de manter cumprimento de todas as obrigas precisas para o desenvolvemento durante todo o período que abranguen os mesmos, e dicir dende a entrada ao recinto ata a saída definitiva.

5.3) Documentación que acredite a circunstancia de traballador ou voluntariado (declaración xurada da persoa, debéndose poñerlles en coñecemento das normas de seguridade e saúde no traballo que fosen de aplicación, así como da obriga de portar identificación) e, o compromiso por escrito de xeito pomenorizado de manter o cumprimento de todas as súas obrigas (declaración xurada do Club/Entidade Deportiva).

5.4) No caso de consumo de alimentos e bebidas, si os mesmos están en envases debidamente precintados porán ser distribuídos por persoal que conte coa cualificación pertinente. No resto dos casos deberase certificar o cumprimento da lexislación relativa a seguridade alimentaria. Si a elaboración realizase no recinto acompañarase tamén certificación do cumprimento da seguridade alimentaria das instalacións implicadas no proceso de elaboración.

8.- Comunicaselle que deberá cumprir coa normativa vixente en materia de Seguridade e Protección das persoas que asistan á actividade, indicándolle que:



a) A/s porta/s de emerxencia e as vías de evacuación manteranse desbloqueadas e libres de obstáculos en todo momento durante o desenvolvemento da actividade, non estando permitido facer outro uso das mesmas (instalación de mobiliario, pasos de mangueras, tubos, cables, etc..).

b) Non se permite a instalación de ningún elemento que oculte ou dificulte a visualización da sinalización de evacuación, nin das luminarias de emerxencias existentes.

c) Non se permite dentro da instalación o uso de ningún elemento inflamable ou explosivo.

Lémbrales a prohibición da venda de tabaco e bebidas alcohólicas e, a entrada de vasos ou obxectos de vidro nas instalacións deportivas, conforme ao Regulamento Interno da Fundación de Deportes, aprobado polo Consello Reitor con data 14/09/2017 e a súa normativa vixente.

9.- Que a presente Resolución sexa dada conta ao Consello Reitor da Fundación de Deportes, na vindeira sesión que celebre.

Así o dispón e asina o Sr. presidente da Fundación de Deportes, en Vilagarcía de Arousa, a tres de xullo de dous mil vinte e catro, ante mín a Secretaria Xeral, que Certifica.

RESOLUCIÓN DO SR. PRESIDENTE DA FUNDACIÓN PÚBLICA DE SERVIZOS DEPORTIVOS
MUNICIPAIS DO EXCMO. CONCELLO DE VILAGARCÍA DE AROUSA
D. CARLOS COIRA LOJO

Visto o escrito da FUNDACIÓN DEPORTIVA MUNICIPAL DO CONCELLO DA ILLA DE AROUSA no que solicita, a cesión de dous marcadores portátiles e dun tramo de bancada desmontable para o desenvolvemento dun torneo 3x3 que organizan no seu concello no fin de semana días 13 e 14 de xullo. Así como visto o informe do Sr. director Deportivo en relación ao asunto.

De conformidade co disposto nos vixentes Estatutos da Fundación de Deportes.

R E S O L V O:

1.- Autorizar a Fundación Deportiva do Excmo. Concello de A Illa de Arousa, para a celebración dun Torneo 3X3 de Baloncesto, para os vindeiros días 13 e 14 de xullo, a cesión dun tramo da bancada desmontable así como de dous marcadores portátiles, facéndose responsables dos danos que poideran sufrir así como da recollida e da devolución dos mesmos.

2.- Comunicarlles que a Fundación Deportiva do Excmo. Concello de A Illa de Arousa deberá facerse responsables da montaxe da bancada segundo a lexislación vixente, contando coa certificación de técnica de solidez e seguridade, e o seguro de responsabilidade civil correspondente.

3.- Que a presente Resolución sexa dada conta ao Consello Reitor da Fundación de Deportes, na vindeira sesión que celebre.

Así o dispón e asina o Sr. presidente da Fundación de Deportes, en Vilagarcía de Arousa, a cinco de xullo de dous mil vinte e catro, ante mín a Secretaria Xeral, que Certifica.



RESOLUCIÓN DO SR. PRESIDENTE DA FUNDACIÓN PÚBLICA DE SERVIZOS DEPORTIVOS
MUNICIPAIS DO EXCMO. CONCELLO DE VILAGARCÍA DE AROUSA
D. CARLOS COIRA LOJO

Visto o escrito presentado por D. Manuel Crespo Sobral e/r dun grupo de afeccionados no que solicita, autorización do uso do Pavillón Municipal de Guillán, os luns e xoves de 11:00-13:00 horas, para poder levar a cabo a práctica deportiva de badminton. Así como visto o informe do Sr. director Deportivo en relación ao asunto.

De conformidade co disposto nos vixentes Estatutos da Fundación de Deportes.

R E S O L V O:

1.- Autorizar en precario a D. Manuel Crespo Sobral e/r dun grupo de afeccionados, o uso do Pavillón Municipal de Guillán, para poder levar a cabo a práctica deportiva de bádminton, os luns e xoves de 11:00-13:00 horas, a partir do día da semana sinalado, seguinte á recepción da notificación do presente acordo e, ata o derradeiro día da semana sinalado do mes de agosto. Quedando en todo caso, supeditada ás necesidades que poidese ter a Fundación de Deportes.

2.- Comunicarlle que deberán ingresar previo uso das citadas instalacións, mensualmente, a cota do prezo público correspondente conforme ao establecido no Acordo Regulador nº III.5 en vigor (6,00 €/hora), que poderá abona-lo por meses anticipados, descontando do citado prezo público, no seu caso, todas aquelas persoas que posúan o Carné da Fundación de Deportes e, unha Fianza Depósito por importe de 100,00 € (faise constar que a devandita fianza está ingresada da tempada anterior), para garantir o bó uso das mesmas, que será devolta, unha vez finalizada a súa autorización, previa presentación de solicitude de devolución, na conta da Fundación de Deportes da Entidade Bancaria ABANCA (ES70 2080 5067 193040060053). No caso de que desista da súa autorización de uso, deberá comunica-lo por escrito na oficina da Fundación de Deportes, aos efectos de suspensión de cobro do citado prezo público.



3.- Comunicarlle que previo ao uso da instalación, deberá presentar a través da sede electrónica, unha relación nominal das persoas do seu grupo de afeccionados, cos seguintes datos: Nome e Apelidos e, número do Documento Nacional de Identade (D.N.I.), indicando de ser o caso, as persoas que posúen Camé da Fundación de Deportes, a cal será comprobada polo Sr. Conserxe antes do comezo da súa actividade.

4.- Comunicarlle que cando transcurra un mes sen que o grupo autorizado asista no seu horario, sen previo aviso, e non habendo efectuado o pago correspondente a ese mes, se lle incautará a Fianza-Depósito, anulándosele automaticamente a súa autorización.

5.- Que a presente Resolución sexa dada conta ao Consello Reitor da Fundación de Deportes, na vindeira sesión que celebre.

Así o dispón e asina o Sr. presidente da Fundación de Deportes, en Vilagarcía de Arousa, a cinco de xullo dous mil vinte e catro, ante mín a Secretaria Xeral, que Certifica.



RESOLUCIÓN DO SR. PRESIDENTE DA FUNDACIÓN PÚBLICA DE SERVIZOS DEPORTIVOS
MUNICIPAIS DO EXCMO. CONCELLO DE VILAGARCÍA DE AROUSA
D. CARLOS COIRA LOJO

Visto o escrito do Basket Base Club no que solicita, autorización do uso do Pavillón Nº 2 do Complexo Deportivo Municipal Fontecarmoa, para a celebración do TORNEO SOCIAL DE VERÁN, dirixido a deportistas da categorías Junior e Senior, tanto masculino como feminino, que se vai levar a cabo de luns venres do 8 de xullo ao 23 de agosto do presente ano en horario e 20:30-22:30 horas. Así como visto o informe Do Director Deportivo en relación ao asunto.

De conformidade co disposto nos vixentes Estatutos da Fundación de Deportes.

R E S O L V O:

1.- Autorizar ao Basket Base Club, o uso do Pavillón Nº 2 do Complexo Deportivo Municipal Fontecarmoa, para a celebración do TORNEO SOCIAL DE VERÁN, dirixido a deportistas da categorías Junior e Senior, tanto masculino como feminino, que se vai levar a cabo de luns venres do 8 de xullo ao 23 de agosto do presente ano en horario e 20:30-22:30 horas, a excepción dos días festivos.

2.- Comunícaselle que deberá deixar a citada instalación deportiva nas mesmas condicións en que se lle presta e responsabilizarse dos danos ou desperfectos que poideran causarse nas devanditas instalacións polos participantes na citada actividade.

3.- Conforme ao Acordo Regulador nº III.5 en vigor e o Convenio Económico asinado con esta Fundación de Deportes e, dado que esta actividade non é considerada unha actividade federada, non se pode aplicar a bonificación do 100% dos prezos públicos correspondentes. Polo que conforme aos acordos dos Consellos Reitores en sesións con data 25/05/2016 e 04/04/2019, donde se aprobou o borrador de Convenio Económico de utilización das instalacións deportivas municipais, para a realización de actividades non federadas (Escolas Deportivas, Campus, etc...) e, no que se estableceron os seguintes criterios:



“ a) 100% de bonificación para aqueles Clubes/Entidades Deportivas, rexistrados na Fundación de Deportes, que teñan actividade deportiva federada de base na mesma modalidade deportiva na que se desenvolve o campus ou actividade formativa

b) 50% de bonificación para aqueles Clubes/Entidades Deportivas rexistrados na Fundación de Deportes.

Así como se establece a creación de becas, dun 10% das inscricións ofertadas, para a inscrición de alumnos/as que xestionará directamente a Fundación de Deportes e, que será dirixido a nenos/as empadroados no noso Municipio e con baixos recursos económicos, que recibirá o mesmo trato e obsequios que os demais alumnos/as.”

Dado que a actividade/evento no cumpre cos requisitos para poder acollerse á subscripción do Convenio anteriormente citado, deberán indicar na maior brevidade posible o número de inscritos e a cota de inscrición no citado torneo, para poder levar a cabo o cálculo do custo total a abonar polo uso do citado Pavillón, segundo o establecido no artigo nº 8 do Acordo Regulador nº III.5 do prezo público pola utilización das instalacións deportivas municipais do Concello de Vilagarcía de Arousa e outros servizos, que indica:

“ARTIGO 8: ACTIVIDADES DEPORTIVAS EN INSTALACIÓNS DEPORTIVAS

TARIFAS:

Tarifa Mínima % S/Ingresos

	<u>Hora</u>	<u>Bruta</u>
Instalacións exteriores..	6,00	10%
Instalacións interiores	9,00	10%

Nota: Estas tarifas cubren os gastos de limpeza, persoal, etc.

Adicional: Nas instalacións deportivas, onde se desenvolvan actividades fóra das horas normais de utilización, incrementanse as tarifas en SESENTA CÉNTIMOS euros/hora e persoal a parte”.

4.- O Basket Base Club deberá aboar, antes do comenzo do troneo, na cota da Fundación de Deportes 812,20 € que corresponden ao Torneo Social de Verán 2023 (Expedente: DEPORT/2023/000299), segundo o artigo 8 do Acordo regulador III.5 a:

- 9,00€ x 65 horas de uso = 585,00 €
- 16,00€ x 142 inscritos= 2.272,00€ x 10% = 227,20 €



5.- Comunicarlle que deberá cumprir, co establecido no Regulamento Interno das instalacións deportivas Municipais, en materia de publicidade e Ordenanza Municipal de Ruídos e Vibracións, adaptando as súa emisións sonoras aos límites establecidos na mesma.

6.- Comunicarlle que previo ao inicio do montaxe/celebración dos citados eventos (data límite antelación de 72 horas), deberá presentar a seguinte documentación:

6.1) A póliza de Seguros de Responsabilidade Civil e a póliza de seguros de accidentes para todos os participantes da devandita actividade.

6.2) Aportarase un compromiso escrito, de xeito pomenorizado, de manter cumprimento de todas as obrigas precisas para o desenvolvemento durante todo o período que abranguen os mesmos, e dicir dende a entrada ao recinto ata a saída definitiva.

6.3) Documentación que acredite a circunstancia de traballador ou voluntariado (declaración xurada da persoa, debéndose poñerlles en coñecemento das normas de seguridade e saúde no traballo que fosen de aplicación, así como da obriga de portar identificación) e, o compromiso por escrito de xeito pomenorizado de manter o cumprimento de todas as súas obrigas (declaración xurada do Club/Entidade Deportiva).

6.4) No caso de consumo de alimentos e bebidas, si os mesmos están en envases debidamente precintados porán ser distribuídos por persoal que conte coa cualificación pertinente. No resto dos casos deberase certificar o cumprimento da lexislación relativa a seguridade alimentaria. Si a elaboración realizase no recinto acompañarase tamén certificación do cumprimento da seguridade alimentaria das instalacións implicadas no proceso de elaboración.

7.- Comunicaselle que deberá cumprir coa normativa vixente en materia de Seguridade e Protección das persoas que asistan á actividade, indicándolle que:

a) A/s porta/s de emerxencia e as vías de evacuación manteranse desbloqueadas e libres de obstáculos en todo momento durante o desenvolvemento da actividade, non estando permitido facer outro uso das mesmas (instalación de mobiliario, pasos de mangueras, tubos, cables, etc..).

b) Non se permite a instalación de ningún elemento que oculte ou dificulte a visualización da sinalización de evacuación, nin das luminarias de emerxencias existentes.



c) Non se permite dentro da instalación o uso de ningún elemento inflamable ou explosivo.

Lémbrales a prohibición da venda de tabaco e bebidas alcohólicas e, a entrada de vasos ou obxectos de vidro nas instalacións deportivas, conforme ao Regulamento Interno da Fundación de Deportes, aprobado polo Consello Reitor con data 14/09/2017 e a súa normativa vixente.

8.- Que a presente Resolución sexa dada conta ao Consello Reitor da Fundación de Deportes, na vindeira sesión que celebre.

Así o dispón e asina o Sr. Presidente da Fundación de Deportes, en Vilagarcía de Arousa a cinco de xullo de dous mil vinte e catro, ante mín a Secretaria Xeral, que Certifica.



RESOLUCIÓN DO SR. PRESIDENTE DA FUNDACIÓN PÚBLICA DE SERVIZOS DEPORTIVOS
MUNICIPAIS DO EXCMO. CONCELLO DE VILAGARCÍA DE AROUSA
D. CARLOS COIRA LOJO

Visto o escrito do Basket Base Club no que solicita, autorización das Pistas Deportivas do Recinto Fedega, para a celebración das “XORNADAS DE TECNIFICACIÓN DE VERÁN”, dirixido a nenos/as e seniors, cunha cota de inscrición de 55,00 € as catro semanas e 15,00 € neno/a por semana ,e que se vai levar a cabo do vindeiro día 8 de xullo ao 2 de agosto do presente ano, de luns a venres, de 09:30-13:30 horas. Así como visto o informe do Director Deportivo en relación ao asunto.

De conformidade co disposto nos vixentes Estatutos da Fundación de Deportes.

RESOLVO:

1.- Autorizar en precario ao Club Basket Base Club, o uso dunha pista deportiva do Recinto Fexdega, dado que as outras están ocupadas polas actividades ofertadas pola Fundación de Deportes, para a celebración da “XORNADAS DE TECNIFICACIÓN DE VERÁN”, que se vai levar a cabo do 8 de xullo ao 2 de agosto do presente ano, (excepto os días que sexan festivos), de luns a venres, de 09:30-13:30 horas.

Asemade os martes, xoves e venres tamén pódese auorizar unha segunda pista no mesmo horario.

2.- Comunícaselle que deberá deixar a citada instalación deportiva nas mesmas condicións en que se lle presta e responsabilizarse dos danos ou desperfectos que poideran causarse nas devanditas instalacións polos participantes na citada actividade.

3.- Comunicarlle que conforme a Resolución do Sr. Presidente con data 21/10/2022, no que se lle aprobou o seu Convenio Económico para a utilización das instalacións deportivas, para a realización de actividades non federadas conforme aos acordos dos Consellos Reitores en sesións con data 25/05/2016 e 04/04/2019, donde se aprobou o borrador de Convenio



Económico de utilización das instalacións deportivas municipais, para a realización de actividades non federadas (Escolas Deportivas, Campus, etc...), nos seguintes termos:

- a) Establécese o 100% de bonificación dos prezos públicos para aqueles Clubes/Entidades Deportivas rexistrados na Fundación de Deportes, que teñan actividade deportiva federada de base.
- b) Establecer a creación de becas, dun 10% das inscricións ofertadas, correspondendolle a esta actividade un total de 5 becas (das 50 prazas ofertadas), para a inscrición de cinco alumnos/as, que xestionará directamente a Fundación de Deportes e, que será dirixido a nenos/as empadroados no noso Municipio e con baixos recursos económicos, que recibirá o mesmo trato e obsequios que os demais alumnos/as.

4.- Comunicarlle que deberá cumprir, co establecido no Regulamento Interno das instalacións deportivas Municipais, en materia de publicidade e Ordenanza Municipal de Ruídos e Vibracións, adaptando as súa emisións sonoras aos límites establecidos na mesma.

5.- Comunicarlle que previo ao inicio do montaxe/celebración da citada actividade-evento (data límite antelación de 72 horas), deberá presentar a seguinte documentación:

5.1) No caso de consumo de alimentos e bebidas, si os mesmos están en envases debidamente precintados porán ser distribuídos por persoal que conte coa cualificación pertinente. No resto dos casos deberase certificar o cumprimento da lexislación relativa a seguridade alimentaria. Si a elaboración realizase no recinto acompañarase tamén certificación do cumprimento da seguridade alimentaria das instalacións implicadas no proceso de elaboración.

5.2) No caso do montaxe de calqueira estrutura, deberá contar coa certificación emitida por Técnico competente, que garante a súa solidez, estabilidade, seguridade para o público e idoneidade de acordo coa lexislación de aplicación. Debendo realizar a citada certificación en presenza do responsable da devandita instalación. Así como, no seu caso, de que o montaxe das estruturas existan instalacións eléctricas, de gas, neumáticas, etc..., os certificados de montaxe deberán indicar de xeito explícito que cumpren coa lexislación específica relativa a cada unha delas.



6.- Comunícaselle que deberá cumprir coa normativa vixente en materia de Seguridade e Protección das persoas que asistan á actividade, indicándolle que:

a) A/s porta/s de emerxencia e as vías de evacuación manteranse desbloqueadas e libres de obstáculos en todo momento durante o desenvolvemento da actividade, non estando permitido facer outro uso das mesmas (instalación de mobiliario, pasos de mangueras, tubos, cables, etc...).

b) Non se permite a instalación de ningún elemento que oculte ou dificulte a visualización da sinalización de evacuación, nin das luminarias de emerxencias existentes.

c) Non se permite dentro da instalación o uso de ningún elemento inflamable ou explosivo.

Lémbrales a prohibición da venda de tabaco e bebidas alcohólicas e, a entrada de vasos ou obxectos de vidro nas instalacións deportivas, conforme ao Regulamento Interno da Fundación de Deportes, aprobado polo Consello Reitor con data 14/09/2017 e a súa normativa vixente.

7.- Que a presente Resolución sexa dada conta ao Consello Reitor da Fundación de Deportes, na vindeira sesión que celebre.

Así o dispón e asina o presidente da Fundación de Deportes, en Vilagarcía de Arousa a nove de xullo de dous mil vinte e catro, ante mín a Secretaria Xeral, que Certifica.

RESOLUCIÓN DO SR. PRESIDENTE DA FUNDACIÓN PÚBLICA DE SERVIZOS DEPORTIVOS
MUNICIPAIS DO EXCMO. CONCELLO DE VILAGARCÍA DE AROUSA
D. CARLOS COIRA LOJO

Vistos os escritos do Club Arosa S.C. no que solicita, autorización do uso do Campo de Fútbol Municipal de Berdón para a celebración do CAMPUS DE VERÁN, dirixido a nenos/as de 5 a 13 anos, ofertando un total de 60 prazas, cunha cota de inscrición de 80,00 €/nen/a por unha semana, 140,00 € dúas semanas, 190,00 € tres semanas ou 230,00€ as catro semanas, que se vai levar a cabo do 8 de xullo ao 2 de agosto, de 09:00-14:00 horas. Así como visto o informe do Sr. director Deportivo en relación ao asunto.

De conformidade co disposto nos vixentes Estatutos da Fundación de Deportes.

RESOLVO:

1.- Autorizar ao Club Arosa S.C., o uso do Campo de Fútbol Municipal de Berdón para a celebración do CAMPUS DE VERÁN, dirixido a nenos/as de 5 a 13 anos, que se vai levar a cabo do 8 de xullo ao 2 de agosto do presente ano, de 09:00-14:00 horas.

2.- Comunícaselle que deberá deixar a citada instalación deportiva nas mesmas condicións en que se lle presta e responsabilizarse dos danos ou desperfectos que poideran causarse nas devanditas instalacións polos participantes na citada actividade.

3.- Conforme ao Acordo Regulador nº III.5 en vigor e o Convenio Económico asinado con esta Fundación de Deportes e, dado que esta actividade non é considerada unha actividade federada, non se pode aplicar a bonificación do 100% dos prezos públicos correspondentes. Polo que conforme aos acordos dos Consellos Reitores en sesións con data 25/05/2016 e 04/04/2019, donde se aprobou o borrador de Convenio Económico de utilización das instalacións deportivas municipais, para a realización de actividades non federadas (Escolas Deportivas, Campus, etc..) e, no que se estableceron os seguintes criterios:



“ a) 100% de bonificación para aqueles Clubes/Entidades Deportivas, rexistrados na Fundación de Deportes, que teñan actividade deportiva federada de base na mesma modalidade deportiva na que se desenvolve o campus ou actividade formativa

b) 50% de bonificación para aqueles Clubes/Entidades Deportivas rexistrados na Fundación de Deportes.

Así como se establece a creación de becas, dun 10% das inscricións ofertadas, para a inscrición de alumnos/as que xestionará directamente a Fundación de Deportes e, que será dirixido a nenos/as empadroados no noso Municipio e con baixos recursos económicos, que recibirá o mesmo trato e obsequios que os demais alumnos/as.”

Indicar que o club xa solicitou o ano anterior a aprobación e subscripción do Convenio correspondente segundo os criterios indicados no parágrafo anterior, acompañado, dunha declaración xurada conforme o Club/Entidade Deportiva non ten débedas coas administración públicas (Concello de Vilagarcía de Arousa, Axencia Tributaria, Seguridade Social e Economía e Facenda), quedando pendente para seguir coa tramitación do mesmo a xustificación de que se trata dunha **actividade de interese social, cultural ou formativa**. Documentación que presenta o club por rexistro web a día 13/06/2023 con número REX_WEB_2023001328.

O clube ten pendente de asinar o convenio coa Fundación de Deportes. Segundo convenio, correspondelle a esta actividade un total de 6 becas (de 60 prazas ofertadas), para a inscrición de seis alumnos/as, que xestionará directamente a Fundación de Deportes e, que será dirixido a nenos/as empadroados no noso Municipio e con baixos recursos económicos, que recibirá o mesmo trato e obsequios que os demais alumnos/as.

4.- Comunicarlle que deberá cumprir, co establecido no Regulamento Interno das instalacións deportivas Municipais, en materia de publicidade e Ordenanza Municipal de Ruídos e Vibracións, adaptando as súa emisións sonoras aos límites establecidos na mesma.

5.- Comunicarlle que previo ao inicio do montaxe/celebración da citada actividade-evento (data límite antelación de 72 horas), deberá presentar a seguinte documentación:

5.1) No caso do montaxe de calqueira estrutura, deberá contar coa certificación emitida por Técnico competente, que garante a súa solidez, estabilidade, seguridade para o público e



idoneidade de acordo coa lexislación de aplicación. Debendo realizar a citada certifiación en presenza do responsable da devandita instalación. Así como, no seu caso, de que o montaxe das estruturas existan instalacións eléctricas, de gas, neumáticas, etc..., os certificados de montaxe deberán indicar de xeito explícito que cumpren coa lexislación específica relativa a cada unha delas.

5.4) No caso de consumo de alimentos e bebidas, si os mesmos están en envases debidamente precintados porán ser distribuídos por persoal que conte coa cualificación pertinente. No resto dos casos deberase certificar o cumprimento da lexislación relativa a seguridade alimentaria. Si a elaboración realizase no recinto acompañarase tamén certificación do cumprimento da seguridade alimentaria das instalacións implicadas no proceso de elaboración.

6.- O Arosa S.C. xa presentou as pólizas dos seguros de accidentes e de responsabilidade civil tal como indica a Lei 3/2012 do Deporte de Galicia.

7.- Comunícaselle que deberá cumprir coa normativa vixente en materia de Seguridade e Protección das persoas que asistan á actividade, indicándolle que:

a) A/s porta/s de emerxencia e as vías de evacuación manteranse desbloqueadas e libres de obstáculos en todo momento durante o desenvolvemento da actividade, non estando permitido facer outro uso das mesmas (instalación de mobiliario, pasos de mangueras, tubos, cables, etc...).

b) Non se permite a instalación de ningún elemento que oculte ou dificulte a visualización da sinalización de evacuación, nin das luminarias de emerxencias existentes.

c) Non se permite dentro da instalación o uso de ningún elemento inflamable ou explosivo.

Lémbrales a prohibición da venda de tabaco e bebidas alcohólicas e, a entrada de vasos ou obxectos de vidro nas instalacións deportivas, conforme ao Regulamento Interno da Fundación de Deportes, aprobado polo Consello Reitor con data 14/09/2017 e a súa normativa vixente.



Concello de
Vilagarcía de Arousa
Fundación de Deportes

Praza Ravela, 1
36600 · Vilagarcía de Arousa
T 986 56 68 98
CIF: P/8660001-B
fdeportes@vilagarcia.es · www.vilagarcia.es

7.- Que a presente Resolución sexa dada conta ao Consello Reitor da Fundación de Deportes, na vindeira sesión que celebre.

Así o dispón e asina o Sr. presidente da Fundación de Deportes, en Vilagarcía de Arousa a dez de xullo de dous mil vinte e catro, ante mín a Secretaria Xeral, que Certifica.



RESOLUCIÓN

Visto o expediente de Modificación de Créditos de Transferencias de créditos número **02/TC/2024**, á vista da providencia da Presidencia na que se deixa constancia da necesidade de acometer gastos que non poden demorarse.

Visto que non existe crédito suficiente na área na que se pretende facer o gasto no vixente orzamento, prorrogado do 2022, para facer fronte ao gasto previsto no programa 342, procede efectuar unha modificación de crédito para dotar a aplicación orzamentaria que a continuación se relaciona polo importe exposto. Trátase dunha transferencia entre os créditos das aplicación orzamentarias de Gastos do vixente orzamento, prorrogado do 2022. O expediente ascende a **10.000,00 €**.

Visto o informe do Interventor, o expediente está axustado aos requisitos esixidos polos artigos 179 e 180 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, e artigos 40, 41 e 42 do Real Decreto 500/90 e ó establecido na Base Nº 12 de Execución do vixente presuposto, procede a aprobación da transferencia de crédito segundo se propón no expediente:

a) Aplicacións orzamentarias de gastos onde os créditos se minoran:

PRO. ECO.	DESCRIPCIÓN	IMPORTE
342 21000	REPARACIONS INFRAESTR. E BENS NATURAIS	5.000,00
342 22609	ACTIVIDADES CULTURAIS E DEPORTIVAS	5.000,00
TOTAL		10.000,00 €

b. Aplicacións orzamentarias de gastos onde os créditos se incrementan:

PRO.ECO.	DESCRIPCIÓN	IMPORTE
342 48300	TRANSF. A ENTIDADES DEPORTIVAS	10.000,00
TOTAL		10.000,00

O total de Altas de Créditos é igual ás Baixas.

De conformidade co disposto nos vixentes Estatutos da Fundación de Deportes.

RESOLVO:



Concello de
Vilagarcía de Arousa
Fundación de Deportes

Praza Ravela, 1
36600 · Vilagarcía de Arousa
T 986 56 68 98
CIF: P/8660001-B
fdeportes@vilagarcia.es · www.vilagarcia.es

1.- Aprobar a Transferencia de Crédito, sendo esta Resolución firme e executiva, sen necesidade de máis trámites, polo que se procederá polos servizos de Intervención, a introducir na Contabilidade as modificacións de créditos aprobadas, con efectos inmediatos.

2.-Que da presente Resolución se de conta ao Consello Reitor da Fundación de Deportes, na vindeira sesión que se celebre.

Vilagarcía de Arousa, na data de sinatura electrónica

O Presidente

D.Carlos Coira Lojo

A Secretaria

Dna. Rosa Losada Suárez

RESOLUCIÓN DO SR. PRESIDENTE DA FUNDACIÓN PÚBLICA DE SERVIZOS DEPORTIVOS
MUNICIPAIS DO EXCMO. CONCELLO DE VILAGARCÍA DE AROUSA
D. CARLOS COIRA LOJO

Vista a proposta do Sr. presidente relativa á aprobación dunha concesión de subvención directa para sufragar parte do custe da organización do Campionato do Mundo Xuvenil, clases 49er, 49er FX e Nacra 17, no Centro de Tecnificación Galego de Vela do 14 ao 21 de xullo do presente ano, por importe de 10.000,00 €, que se acompaña da solicitude da Real Federación Galega de Vela, Memoria Deportiva, Balance Económico de gastos e ingresos previstos do devandito Campionato, así como declaración xurada da citada Federación relativa á incapacidade e incompatibilidade e doutras axudas das Admnsitracións Públicas.

De conformidade co disposto nos vixentes Estatutos da Fundación de Deportes.

R E S O L V O:

1.- Conceder á Real Federación Galega de Vela, unha subvención directa, para sufragar parte do custe da organización do Campionato de Mundo Xuvenil, clases 49er, 49er FX e Nacra 17, que se vai a desenvolver no Centro de Tecnificación Galego de Vela de Vilagarcía de Arousa, do 14 ao 21 de xullo do presente ano, por importe de 10.000,00 €, con cargo á partida 342-483,00.

